

# Memoria das actividades de divulgación, mellora da información e fomento da actividade cinexética 2024

Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com

# ÍNDICE


| | |
|---|---|
| **ACTIVIDADE I: FORMACIÓN** | **3 - 18** |
| 1. Curso de Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza | 5 – 7 |
| 2. Curso de Seguridade na caza e primeiros auxilios | 7 – 10 |
| 3. Curso de Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles | 10 – 12 |
| 4. Enquisa de satisfacción | 12 - 13 |
| 5. Actas de matrícula e avaliación | 14 |
| 6. Difusión dos cursos | 14 - 18 |
| **ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN** | **18 - 19** |
| **ACTIVIDADE III: PROXECTO ARCEA** | **19 - 20** |
| **XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO** | **21** |
| **ANEXO 1: Actas de inscripción e avaliación** | |
| **ANEXO 2: Informe do estudo da abundancia da arcea ano 2024** | |

# ACTIVIDADE I: FORMACIÓN

A Escola de Caza acollía unha nova convocatoria dos cursos de ***Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza, Seguridade na caza e primeiros auxilios*** e ***Manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles.***

**FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:**
*Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*
*(7ª convocatoria online).*

**PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:**
*Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios*
*(5ª convocatoria online).*

**ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DOS RESIDUOS:**
*Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos resíduos non comestibles.*
*(2ª convocatoria online).*

Os cursos **estaban dispoñibles na aula virtual do campus da *escoladecaza.gal* entre os días 1 e 27 de outubro**, durante cuxo período as persoas matriculadas podían conectarse á formación, comodamente desde os seus domicilios, calquera día da semana e a calquera hora do día.

Entre os días **21 e 27 de outubro era o prazo para realizar a proba de avaliación final**, coa que se valoraban os coñecementos adquiridos durante a formación.

**Participaron na formación 203 persoas** (176 homes e 27 mulleres) das que, casualmente, **176 eran persoas federadas e 27 non federadas.**

**62 persoas optaron polo curso de Sociedades** (*Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza.*), **65 polo de Seguridade** *(Seguridade na caza e primeiros auxilios)* e **76 persoas optaron polo curso de Saúde alimentaria** (*Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles*).

| | Homes | Mulleres | TOTAL |
|---|---|---|---|
| Curso Sociedades | 52 | 10 | 62 |
| Curso Seguridade | 57 | 8 | 65 |
| Curso Enfermidades | 67 | 9 | 76 |
| **TOTAL ...** | **176** | **27** | **203** |

As persoas matriculadas eran **maioritariamente das provincias de A Coruña e Lugo** (máis do 70% eran destas provincias) e o 28% eran de Ourense e Pontevedra.

| | Curso Sociedades | Curso Seguridade | Curso Enfermidades | TOTAL | % |
|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 26 | 29 | 32 | 87 | 42,86 % |
| Lugo | 18 | 17 | 21 | 56 | 27,59 % |
| Ourense | 5 | 7 | 8 | 20 | 9,85 % |
| Pontevedra | 12 | 11 | 14 | 37 | 18,23 % |
| Outros | 1 | 1 | 1 | 3 | 1,48 % |
| **TOTAL ...** | **62** | **65** | **76** | **203** | |

Segundo os datos extraídos dos boletíns de matrícula o perfil das persoas participantes na formación era:

| | |
|---|---|
| Home<br>Cazador<br>Federado<br>Entre 31 e 40 anos | Directivo/a dunha entidade de caza<br>Responsable de cazaría<br>Administrativo/a<br>Garda<br>Estudante |

A proba de avaliación final era optativa, podendo os/as alumnos/as decidir realizala ou non. Non obstante, **para obter o certificado de formación (con expresión dos contidos e horas lectivas) era obrigatoria a súa realización e responder correctamente alomenos ao 60% das preguntas**.

No conxunto de tódolos cursos impartidos **presentáronse á proba de avaliación 6 alumnos/as de cada 10 matriculados/as, resultando aptos/as o 100% dos presentados/as cunha cualificación media de 9,17.**

| | Matriculados/as | RESULTADOS DA AVALIACIÓN | | | | | % | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Presentados/as á avaliación | Aptos/as | Cualificación media | Non aptos/as | Non presentados/as | Presentados/as á avaliación | Non presentados/as | Aptos/as | Non aptos/as |
| Curso sociedades | 62 | 40 | 40 | 8,78 | 0 | 22 | **65%** | 35% | **100%** | 0% |
| Curso Seguridade | 65 | 38 | 38 | 9,32 | 0 | 27 | **58%** | 42% | **100%** | 0% |
| Curso Enfermidades | 76 | 50 | 50 | 9,42 | 0 | 26 | **66%** | 34% | **100%** | 0% |
| **TOTAL …** | **203** | **128** | **128** | **9,17** | **0** | **75** | **63%** | **37%** | | |

Os temas impartidos nos diferentes cursos eran elaborados e actualizados por 16 persoas expertas nos diferentes contidos, baixo a dirección de José Manuel Vidal Lamela e en coordinación coa FGC que era a encargada do deseño, estrutura e montaxe.

**A clausura dos cursos e entrega de diplomas terá lugar o día 29 de novembro de 2024, no Salón de Actos da Real Federación Galega de Fútbol**. Ademais, tódalas persoas participantes na formación recibirán, entroutro, o seguinte material divulgativo:

Viseira de visibilidade cor laranxa
Bolígrafo
Carterilla portadocumentos
Libro de Seguridade na Caza
Decálogo da persoa cazadora
Díptico Seguridade na organización das cazarías



# 1. FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA:

## *Curso de xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*

### Obxectivo.

O curso de *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza*, que vai pola sétima convocatoria online, **tiña por finalidade formar aos alumnos/as na xestión interna, administrativa e documental á que deben facer fronte no seu día a día as persoas responsables deste tipo de entidades.**

### Destinatarios/as.

A formación ía dirixida a persoas representantes e directivas de sociedades de caza, administrativos/as xestores/as, gardas, cazadores/as, así como a calquera outro colectivo ou profesional interesado neste tipo de xestión.

### Horas lectivas.

30 horas lectivas.

### Participación.

Matriculáronse na formación 62 persoas (53 federadas e 9 non federadas) maioritariamente das provincias de Lugo e A Coruña. Delas, o 84% eran homes e o 16% mulleres.

| | |
|---|---|
| Homes | 52 |
| Mulleres | 10 |
| **TOTAL ...** | **62** |

| | |
|---|---|
| A Coruña | 26 |
| Lugo | 18 |
| Ourense | 5 |
| Pontevedra | 12 |
| Outros | 1 |
| **TOTAL ...** | **62** |

Segundo os datos proporcionados a través dos boletíns de matrícula, **os/as alumnos/as eran maioritariamente directivos/as de entidades asociativas (44%)**, seguidos de responsables de cazaría, administrativos/as, gardas e estudantes.

| | | |
|---|---|---|
| Directivos/as | 21 | 44% |
| Responsables de cazaría | 13 | 27% |
| Administrativos/as | 7 | 15% |
| Gardas | 2 | 4% |
| Estudantes | 2 | 4% |
| Outros | 3 | 6% |
| Xestores/as cinexéticos | 0 | 0% |
| **TOTAL ...** | **48** | |

## Contidos e autores.

Impartíanse 17 temas, elaborados e actualizados por seis (6) persoas expertas nas diferentes materias: lexislación, réxime documental, réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal e as comunicacións internas e externas da asociación.

| TEMARIO | AUTORES |
|---|---|
| ***Bloque 1: LEXISLACIÓN*** | |
| **Tema 1**: Lei do Deporte de Galicia.<br>**Tema 2**: Persoas socias: admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.<br>**Tema 3**: Órganos de goberno e representación: convocatorias, competencias e acordos.<br>**Tema 4**: Proceso electoral: convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.<br>**Tema 5**: Regulamento de réxime interno da asociación.<br>**Tema 6**: Responsabilidade das persoas socias, directivas e da sociedade de caza. | Mª TERESA GONZÁLEZ JUSTO<br>Avogada. Asesora Xurídica da FGC |
| **Tema 7**: Responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos. | Mª TERESA GONZÁLEZ JUSTO<br>Avogada. Asesora Xurídica da FGC<br><br>DIEGO QUINTAS RAMOS<br>Enxeñeiro Técnico Agrícola. Cazador. Membro fundador das Xuventudes pola Caza. |
| **Tema 8**: Seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza. | JAVIER NOGUEIRA DIZ<br>Conselleiro de Mutuasport. Experto en seguros. Cazador. Empresario |
| ***Bloque 2: RÉXIME DOCUMENTAL.*** | |
| **Tema 9**: Libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: libro de rexistro das persoas socias, libro de actas, libros de contabilidade e o traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entrante. | MARILUZ REY COTELO<br>Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC. |
| ***Bloque 3: RÉXIME ECONÓMICO, FINANCEIRO, PATRIMONIAL E FISCAL.*** | |
| **Tema 10**: Contas anuais: patrimonio, dereitos e obrigas, ingresos e gastos, orzamento e requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.<br>**Tema 11**: Responsabilidade da persoa tesoureira: disposición de fondos, facturas e forma de pago.<br>**Tema 12**: Obrigas tributarias: CIF, exención de IVE, imposto de sociedades. | MARILUZ REY COTELO<br>Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC. |
| ***Bloque 4: COMUNICACIÓN INTERNA E EXTERNA DA ASOCIACIÓN.*** | |
| **Tema 13**: Comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC. | MARILUZ REY COTELO<br>Técnico Superior en Administración e Finanzas. Xefa de Administración da FGC. |
| **Tema 14:** Plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados, relación de persoas cazadoras e outras comunicacións.<br>**Tema 15**: Comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza: suposto práctico. | DARIO ANDRADE EXPÓSITO<br>Técnico de Caza da CMACC. Cazador. |
| **Tema 16**: Certificado dixital.<br>**Tema 17**: Obrigas de protección de datos da sociedade de caza. | JUAN TURNES GARCÍA<br>Técnico Superior en Administración de Sistemas Informáticos. Responsable de Informática e Protección de Datos da FGC. |

**DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)**

## Avaliación.

Das 62 persoas inscritas realizaron a proba de avaliación final 40, **resultando aptas todas elas, cunha cualificación media de 8,78**.

| | | |
|---|---|---|
| Matriculados/as | 62 | |
| Presentados/as á avaliación | 40 | 65% |
| Aptos/as | 40 | 100% |
| Non aptos/as | 0 | 0% |
| Non presentados/as | 22 | 35% |
| Cualificación media | 8,78 | |

## Certificado de acreditación.

As **40 persoas que superaron a formación de *Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza* recibirán o correspondente diploma acreditativo da formación**, con expresión dos contidos e horas lectivas, asinado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e polo Presidente da Federación Galega de Caza.


XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ESCOLA DE CAZA — Federación Galega de Caza

**CERTIFICADO DE FORMACIÓN**

D. «Nome» «Apelido»
con NIF «DNI» - «L»

Resultou APTO/A no **Curso de Xestión Interna e Administrativa dunha Sociedade de Caza**, de 30 horas lectivas de duración, impartido no campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza, entre os días 1 e 27 de outubro de 2024.

Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2024

A Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, — O Presidente da Federación Galega de Caza,

Asdo.: Ángeles Vázquez Mejuto — Asdo.: Luis Eusebio Fidalgo Álvarez


**FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA**
**CURSO DE XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA SOCIEDADE DE CAZA**

**DATA:** do 1 ao 27 de outubro de 2024
**LUGAR:** campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza

**DURACIÓN:** 30 horas lectivas

**ÁREA FORMATIVA:**

- Tema 1: Lei do Deporte de Galicia.
- Tema 2: Persoas socias: Admisión, clases, dereitos, deberes e expulsión.
- Tema 3: Órganos de goberno e representación: Convocatorias, competencias e acordos.
- Tema 4: Proceso electoral: Convocatoria, calendario, xunta xestora, xunta electoral, mesa electoral e candidaturas.
- Tema 5: Regulamento de réxime interno da asociación.
- Tema 6: Responsabilidade das persoas socias, directivas e da sociedade de caza.
- Tema 7: Responsabilidade civil da sociedade de caza nos danos a cultivos.
- Tema 8: Seguros de responsabilidade civil: Responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza.
- Tema 9: Libros obrigatorios dunha entidade asociativa, a súa levanza e a súa legalización: Libro de rexistro das persoas socias, libro de actas, libros de contabilidade e o traspaso de poderes entre a xunta directiva saínte e entrante.
- Tema 10: Contas anuais: Patrimonio, dereitos e obrigas, ingresos e gastos, orzamento e requisitos para gravar e enaxenar bens da entidade.
- Tema 11: Responsabilidade da persoa tesoureira: Disposición de fondos, facturas e forma de pago.
- Tema 12: Obrigas tributarias: CIF, Exención de IVE, Imposto de Sociedades.
- Tema 13: Comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa FGC.
- Tema 14: Plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados, relación de persoas cazadoras e outras comunicacións.
- Tema 15: Comunicacións coa Consellería competente en materia de caza: A aplicación informática de caza: Suposto práctico.
- Tema 16: Certificado dixital.
- Tema 17: Obrigas de protección de datos da sociedade de caza.

# 2. PREVENCIÓN DA SINISTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA:

## *Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios.*

## Obxectivo.

A quinta edición online do curso de *Seguridade na caza e primeiros auxilios* **tiña por obxecto formar aos alumnos/as na prevención e seguridade durante a práctica da caza, principalmente na seguridade durante o desenvolvemento das cazarías colectivas, obxectivo fundamental do curso pola preocupación que xera na FGC precisamente a seguridade dos cazadores galegos, así como instruílos nos primeiros auxilios para que, de darse o caso, poidan auxiliar a unha persoa enferma ou lesionada.**

## Destinatarios/as.

O curso ía destinado principalmente ás persoas responsables de cazaría e cazadoras de caza maior, pero tamén a calquera outro colectivo interesado nesta materia**.**

## Horas.

30 horas lectivas.

## Participación.

Inscribíronse no curso 65 persoas (56 federadas e 9 non federadas), e delas o 88% eran homes e o 12% mulleres e, tamén neste curso, a maior participación correspondía ás provincias de A Coruña e Lugo.

| | |
|---|---|
| Homes | 57 |
| Mulleres | 8 |
| **TOTAL ...** | **65** |

| | |
|---|---|
| A Coruña | 29 |
| Lugo | 17 |
| Ourense | 7 |
| Pontevedra | 11 |
| Outros | 1 |
| **TOTAL ...** | **65** |

As persoas participantes **eran maiormente directivos/as de entidades asociativas e responsables de cazaría (76%)** pero tamén asistían administrativos/as, gardas e outros.

| | | |
|---|---|---|
| Directivos/as | 20 | 43% |
| Responsables de cazaría | 15 | 33% |
| Administrativos/as | 7 | 15% |
| Gardas | 2 | 4% |
| Outros | 2 | 4% |
| Estudantes | 0 | 0% |
| Xestores/as cinexéticos | 0 | 0% |
| **TOTAL ...** | **46** | |

## Contido e autores.

A formación constaba de 16 temas sobre seguridade nas cazarías colectivas, lexislación, contribución das novas tecnoloxías á seguridade na caza e primeiros auxilios, elaborados e actualizados por 12 expertos nos diferentes contidos, así como dun vídeo ilustrativo sobre a caza segura.

| TEMARIO | AUTORES |
|---|---|
| ***Bloque 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS COLECTIVAS.*** | |
| **Tema 1**: Fase de inicio e preparación da cazaría.<br>**Tema 2**: Fase de execución da cazaría.<br>**Tema 3**: Finalización da cazaría.<br>**Tema 4**: Normas de seguridade na caza. | DARIO ANDRADE EXPÓSITO<br>Técnico de Caza da CMACC. Cazador |
| **Tema 5**: Decálogo da persoa cazadora. A persoa cazadora novel. | DIEGO PALLAS LAGE<br>Técnico Superior de Xestión Forestal e Conservación do Medio Natural. Directivo da FGC. Cazador |

| | |
|---|---|
| **Tema 6**: Armas: Uso, transporte, custodia e revista. | LUIS VILLAMIL HERMIDA<br>Sarxento 1º da Garda Civil da Comandancia de Pontevedra. Experto en Armas |
| ***Bloque 2: LEXISLACIÓN.*** | |
| **Tema 7**: Infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías. | Mª TERESA GONZÁLEZ JUSTO<br>Avogada. Asesora Xurídica da FGC |
| **Tema 8**: Seguros de responsabilidade civil: responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza. | JAVIER NOGUEIRA DIZ<br>Conselleiro de Mutuasport. Experto en seguros. Cazador. Empresario |
| **Tema 9**: Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC): Obrigas das persoas propietarias de cans. | BORJA TÁBOAS RIAL<br>Licenciado en Veterinaria pola Universidade Alfonso X O Sabio. Veterinario colaborador da FGC. Cazador |
| ***Bloque 3: CONTRIBUCIÓN DAS NOVAS TECNOLOXIAS NA SEGURIDADE DA CAZA.*** | |
| **Tema 10**: Uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade. | JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA<br>Secretario FGC Lugo. Director Escola de Caza. Cazador<br>ANTÓN ARROJO REGUERA<br>Biólogo. Director Galicia Cinexética. Cazador |
| **Tema 11**: Imaxe da persoa cazadora, redes sociais. | CARLOS ALBERTO SÁNCHEZ PONTÓN<br>Xornalista |
| ***Bloque 4: PRIMEIROS AUXILIOS.*** | |
| **Tema 12**: Prevención de lesións durante a actividade cinexética. | YERAY LORENZO GARCÍA<br>Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Cazador |
| **Tema 13**: Actuación ante un accidente de caza: torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.<br>**Tema 14**: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns. | SILVIA DÍAZ FERNÁNDEZ<br>Médico do SERGAS. Cazadora |
| **Tema 15**: Actuación ante o accidente do can. | LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ<br>Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador |
| **Tema 16:** Botiquín de primeiros auxilios da persoa cazadora. | SILVIA DÍAZ FERNÁNDEZ<br>Médico do SERGAS. Cazadora<br>LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ<br>Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador |

**DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)**

## Avaliación.

Das 65 persoas matriculadas presentáronse á proba de avaliación 38, resultando **aptas a totalidade das presentadas cunha puntuación media de 9,32.**

| | | |
|---|---|---|
| Matriculados/as | 65 | |
| Presentados/as á avaliación | 38 | 58% |
| Aptos/as | 38 | 100% |
| Non aptos/as | 0 | 0% |
| Non presentados/as | 27 | 42% |
| Cualificación media | 9,32 | |

## Certificado de acreditación.

Os/as **38 alumnos/as que superaron o curso de *Seguridade na caza e primeiros auxilios* recibirán o correspondente certificado de formación**, asinado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e polo Presidente da Federación Galega de Caza, no que se reflectirán os contidos e as horas lectivas.



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
ESCOLA DE CAZA
Federación Galega de Caza

**CERTIFICADO DE FORMACIÓN**

**D. «Nome» «Apelido»**
con NIF **«DNI» – «L»**

Resultou APTO/A no **Curso de seguridade na caza e primeiros auxilios**, de 30 horas lectivas de duración, impartido no campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza, entre os días 1 e 27 de outubro de 2024.

Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2024

A Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, | O Presidente da Federación Galega de Caza,

Asdo.: Ángeles Vázquez Mejuto | Asdo.: Luis Eusebio Fidalgo Álvarez



**PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA**
**CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS**

**DATA:** do 1 ao 27 de outubro de 2024
**LUGAR:** campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza

**DURACIÓN:** 30 horas lectivas

**ÁREA FORMATIVA:**

- Tema 1: Fase de inicio e preparación da cazaría.
- Tema 2: Fase de execución da cazaría.
- Tema 3: Finalización da cazaría.
- Tema 4: Normas de seguridade na caza.
- Tema 5: Decálogo da persoa cazadora. A persoa cazadora novel.
- Tema 6: Armas: Categoría, tenza, uso e custodia.
- Tema 7: Infraccións, sancións e responsabilidade no desenvolvemento das cazarías.
- Tema 8: Seguros de responsabilidade civil: Responsabilidade civil da persoa cazadora e da sociedade de caza.
- Tema 9: Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (REGIAC): Obrigas das persoas propietarias de cans.
- Tema 10: Uso das novas tecnoloxías como ferramenta de seguridade.
- Tema 11: Imaxe da persoa cazadora, redes sociais.
- Tema 12: Prevención de lesións durante a actividade cinexética.
- Tema 13: Actuación ante un accidente de caza: Torceduras, luxación, fracturas óseas e outras.
- Tema 14: Actuación ante outro tipo de accidente ou enfermidades comúns.
- Tema 15: Actuación ante o accidente do can.
- Tema 16: Botiquín de primeiros auxilios da persoa cazadora.

# 3. ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DE RESIDUOS:

### *Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles.*

## Obxectivo.

O curso de *Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión dos residuos non comestibles*, que vai pola segunda convocatoria online, **tiña por obxectivo a formación das persoas cazadoras nas medidas precautorias que deben adoptarse para poder consumir de xeito seguro a carne de caza, así como na xestión adecuada daqueles residuos non comestibles que xera a actividade.**

## Destinatarios/as.

A formación ía dirixida a persoas responsables de cazaría, cazadoras en xeral, directivas de sociedades de caza e outros colectivos ou profesionais interesados/as (veterinarios/as, gardería, etc.).

## Horas.

10 horas lectivas.

## Participación.

Inscribíanse nesta formación 76 persoas (67 federadas e 9 non federadas), o 88% eran homes e o 12% mulleres, e tamén neste curso a maioría eran das provincias de A Coruña e Lugo.

| | |
|---|---|
| Homes | 67 |
| Mulleres | 9 |
| **TOTAL ...** | **76** |

| | |
|---|---|
| A Coruña | 32 |
| Lugo | 21 |
| Ourense | 8 |
| Pontevedra | 14 |
| Outros | 1 |
| **TOTAL ...** | **76** |

Os/as **alumnos/as eran maioritariamente directivos/as de entidades asociativas e responsables de cazaría (76%)** pero tamén participaban administrativos/as, gardas, estudantes e outros.

| | | |
|---|---|---|
| Directivos/as | 22 | 45% |
| Responsables de cazaría | 15 | 31% |
| Administrativos/as | 6 | 12% |
| Gardas | 3 | 6% |
| Outros | 2 | 4% |
| Estudantes | 1 | 0% |
| **TOTAL ...** | **49** | |

## Contido e autores.

Impartíanse seis (6) temas, elaborados e actualizados por dous (2) expertos nesta materia, nos que se abordaba a caza como ferramenta de xestión ante as enfermidades e a bioloxía das diferentes especies cinexéticas, a prevención das enfermidades e, fundamentalmente, a manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e a xestión dos residuos non comestibles.

| TEMARIO | AUTORES |
|---|---|
| ***Bloque 1: A CAZA COMO FERRAMENTA DE XESTIÓN ANTE AS ENFERMIDADES. BIOLOXÍA DAS ESPECIES CINEXÉTICAS.*** | |
| **Tema 1**: Situación da caza en Galicia.<br>**Tema 2**: Dinámica das probacións das especies cinexéticas: A caza como actividade reguladora das enfermidades das principais especies cinexéticas. | ANTÓN MOURE SEGADE<br>Licenciado en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. Técnico Súperior en Xestión Forestal e do Medio Natural. Cazador |
| ***Bloque 2: PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES.*** | |
| **Tema 3**: Enfermidades transmisibles na caza menor.<br>**Tema 4**: Peste porcina e triquinose. | LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ<br>Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador |
| ***Bloque 3: MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DA CARNE DE CAZA E XESTIÓN DOS RESIDUOS NON COMESTIBLES.*** | |
| **Tema 5**: Manipulación e seguridade no consumo dea carne de caza.<br>**Tema 6**: Xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (SANDACH) xerados na actividade cinexética. | LUIS EUSEBIO FIDALGO ÁLVAREZ<br>Doutor en Veterinaria da USC. Presidente da FGC. Cazador |

**DIRECCIÓN DO CURSO: JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA (Director da Escola de Caza)**

## Avaliación.

Das 76 persoas anotadas no curso realizaron a proba de avaliación final 50 das que resultaron **aptas todas as presentadas, obtendo unha puntuación media de 9,42.**

| | | |
|---|---|---|
| Matriculados/as | 76 | |
| Presentados/as á avaliación | 50 | 66% |
| Aptos/as | 50 | 100% |
| Non aptos/as | 0 | 0% |
| Non presentados/as | 26 | 34% |
| Cualificación media | 9,42 | |

## Certificado de acreditación.

As **50 persoas que superaron o curso de *Manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión dos residuos non comestibles* recibirán o correspondente diploma de formación**, con expresión dos contidos e horas lectivas, asinado pola Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático e polo Presidente da Federación Galega de Caza.



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ESCOLA DE CAZA — Federación Galega de Caza

**CERTIFICADO DE FORMACIÓN**

**D. «Nome» «Apelido»**
con NIF **«DNI» - «L»**

Resultou APTO/A no **Curso de manipulación e seguridade no consumo da carne de caza e xestión de residuos non comestibles**, de 10 horas lectivas de duración, impartido no campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza, entre os días 1 e 27 de outubro de 2024.

*Santiago de Compostela, a 31 de outubro de 2024*

A Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, — O Presidente da Federación Galega de Caza,

Asdo.: Ángeles Vázquez Mejuto — Asdo.: Luis Eusebio Fidalgo Álvarez



**ENFERMIDADES DA FAUNA CINEXÉTICA, SAÚDE ALIMENTARIA E XESTIÓN DE RESIDUOS**
**CURSO DE MANIPULACIÓN E SEGURIDADE NO CONSUMO DA CARNE DE CAZA E XESTIÓN DE RESÍDUOS NON COMESTIBLES**

**DATA:** do 1 ao 27 de outubro de 2024
**LUGAR:** campus virtual da Escola de Caza da Federación Galega de Caza

**DURACIÓN:** 10 horas lectivas

**ÁREA FORMATIVA:**

- Tema 1: Situación actual da caza en Galicia.
- Tema 2: Dinámica das poboacións das especies cinexéticas: A caza como actividade reguladora das enfermidades das principais especies cinexéticas.
- Tema 3: Enfermidades transmisibles na caza menor
- Tema 4: Peste porcina africana e triquinose.
- Tema 5: Manipulación e seguridade no consumo da carne de caza.
- Tema 6: Xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (SANDACH) xerados na actividade cinexética.

# 4. ENQUISA DE SATISFACCIÓN.

Co obxecto de mellorar a calidade formativa, como ben sendo habitual en tódalas edicións, pasábaselles unha enquisa aos alumnos/as para coñecer o seu grao de satisfacción. O cuestionario era voluntario e anónimo para garantir a obxectividade nas respostas.

**O 45% das persoas matriculadas contestaban o cuestionario de satisfacción.**

| | Curso Sociedades | Curso Seguridade | Curso Enfermidades | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Alumnos/as matriculados/as | 62 | 65 | 76 | 203 |
| Enquisas contestadas | 29 | 23 | 39 | 91 |
| **% ALUMNOS/AS QUE RESPONDERON A ENQUISA** | **47%** | **35%** | **51%** | **45%** |

Á pregunta, ***como se enterou do curso***? **o 74% das persoas inscritas manifestaron que o souberon pola federación**, o 12% por outra persoa cazadora ou deportista, o 8% pola sociedade de caza e o 7% por outro medios.

| *Como se enterou do curso?* | Respostas | % |
|---|---|---|
| Pola Federación (web, redes sociais, revista, email, watsaap, teléfono,etc.) | 67 | 74% |
| Por outra persoa cazadora/deportista | 11 | 12% |
| Pola sociedade de caza, club, asociación | 7 | 8% |
| Por outros medios | 6 | 7% |
| NS/NC | 0 | 0% |
| | **91** | **100%** |

Á pregunta, ***como atopou o contido do curso?* o 75% afirman que moi útil,** o 24% aconsellable e unha persoa considera que non ten utilidade.

| *Como atopou o contido do curso?* | Respostas | % |
|---|---|---|
| Moi útil | 68 | 75% |
| Aconsellable | 22 | 24% |
| Sen utilidade | 1 | 1% |
| NS/NC | 0 | 0% |
| | **91** | 100% |

Á pregunta, ***resolveu as súas dúbidas?* o 73% opinan que as resolveron totalmente** e o 27% nalgúns casos.

| *Resolveu as súas dúbidas?* | Respostas | % |
|---|---|---|
| Totalmente | 66 | 73% |
| Nalgúns casos | 25 | 27% |
| Case nunca | 0 | 0% |
| NS/NC | 0 | 0% |
| | **91** | 100% |

Á pregunta, ***acadou os obxectivos que agardaba?* o 88% comentan que si** e o 12% de xeito parcial.

| *Acadou os obxectivos que agardaba?* | Respostas | % |
|---|---|---|
| Si | 80 | 88% |
| Non | 0 | 0% |
| De xeito parcial | 11 | 12% |
| NS/NC | 0 | 0% |
| | **91** | 100% |

Á pregunta**, *recomendaría o curso?* a totalidade dos enquisados manifestaron que si.**

| *Recomendaría o curso?* | Respostas | % |
|---|---|---|
| Si | 91 | 100% |
| Non | 0 | 0% |
| NS/NC | 0 | 0% |
| | **91** | 100% |

E, por último, nesta sondaxe tamén se lles **preguntaba sobre a materia impartida, pedíndolle que cualificaran entre 0 e 10 os diferentes bloques formativos**, valorados polos participantes do xeito seguinte:

| **CURSO DE SOCIEDADES** | | **CURSO DE SEGURIDADE** | | **CURSO DE ENFERMIDADES** | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque formativo** | **Puntuación** | **Bloque formativo** | **Puntuación** | **Bloque** | **Puntuación** |
| **Bloque 2**. Réxime documental | **8,86** | **Bloque 1**. Seguridade nas cazarías colectivas | **9,26** | **Bloque 2.** Prevención de enfermidades | **9,08** |
| **Bloque 1**. Lexislación | **8,83** | **Bloque 4.** Primeiros auxilios | **9,09** | **Bloque 1.** A caza como ferramenta de xestión ante as enfermidades. Bioloxía das especies cinexéticas | **9,03** |
| **Bloque 3**. Réxime económico, financeiro, patrimonial e fiscal | **8,83** | **Bloque 2.** Lexislación | **8,96** | **Bloque 3.** Manipulación e seguridade no consumo de carne de caza e xestión de residuos non comestibles | **9,03** |
| **Bloque 4.** Comunicación internas e externas da asociación | **8,76** | **Bloque 3**. Contribución das novas tecnoloxías na seguridade da caza | **8,74** | | |

# 5. ACTAS DE MATRÍCULA E AVALIACIÓN.

Como **Anexo 1 desta memoria achéganse as respectivas actas de matrícula e avaliación de cadaún dos cursos**, nas que constan todas as persoas matriculadas, tanto aquelas que se someteron á avaliación final como aqueloutras que non se presentaron.

As actas conteñen, ademais da cualificación, **datos persoais dos/as alumnos/as e por tanto están suxeitos á vixente normativa de protección de datos, polo que dita información ten como única finalidade a xustificación da realización dos cursos** aos que se fai referencia no convenio de colaboración asinado con data 24-01-2024 entre a CMACC e a FGC, non podendo ser utilizados para outra finalidade distinta, debendo adoptarse a estes efectos por parte da destinataria todas as medidas precautorias para garantir a súa confidencialidade.

# 6. DIFUSIÓN DOS CURSOS.

A planificación desta nova edición dos cursos de caza comezaba no mes de agosto. Remitíase o programa á CMCC para o seu visto e prace e, seguidamente, informábase da nova convocatoria ao colectivo cinexético a través das diferentes canles de comunicación da FGC (lista de difusión, correo electrónico, páxina web, redes sociais, revista), así comoa outros medios de comunicación especializados a través de notas de prensa.

A modo de exemplo, reprodúcense a continuación algunhas capturas de pantalla da información publicada.






Federación Galega de Caza

ESCOLA DE CAZA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

**Federación Galega de Caza**
www.federaciongalegadecaza.com

CURSOS FORMACIÓN FGC

# Actívase a Escola de Caza para a Formación e Seguridade do cazador

04/09/2024

**CURSOS DE FORMACIÓN E SEGURIDADE DO CAZADOR**

Como cada ano, a Federación Galega de Caza activa a súa aula virtual da Escola de Caza para convocar os cursos de Formación de Caza, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Os cursos están dirixidos a directivos das sociedades de caza, responsables de cazarías, xestores cinexéticos, gardería, administrativos e, por suposto, a cazadores en xeral que desexen adquirir coñecementos tan importantes no eido da formación de responsables de sociedades de caza, prevención e seguridade na práctica cinexética, enfermidades da fauna cinexética e a manipulación no consumo de carne de caza e a xestión dos residuos non comestibles.

Os cursos estarán dispoñibles no campus virtual da FGC, as 24 horas do día e os 7 días da semana, dende o día 1 ata o día 27 de outubro. Durante este período os alumnos poderán conectarse á formación dende calquer punto de Galicia e nas datas e horarios que máis se adapten ás súas necesidades.

A matrícula é aberta e gratuíta, formalizarase enviando a escola@federaciongalegadecaza.com o boletín de matrícula dispoñible na web escoladecaza.gal e www.federaciongalegadecaza.com ou en calquera das sedes da FGC. O prazo de matrícula remata o 15 de setembro.

Apúntate!

Federación Galega de Caza
Publicado por Antón Arrojo Reguera
· 4 de septiembre ·

Actívase a Escola de Caza para a Formación e Seguridade do cazador




FEDERACIONGALEGADECAZA.COM
Actívase a Escola de Caza para a Formación e Seguridade do cazador | Federación Galega de Caza

6 · 1 comentario · 7 veces compartido

Caza Wonke - Caza y Safaris · Seguir
13 de septiembre ·

Se activa la Escuela de Caza para la Formación y Seguridad del Cazador de la Federación Galega de Caza 👏👏👏
ℹ️INFORMACIÓN COMPLETA EN https://cazawonke.com/.../148599-se-activa-la-escuela-de...
✅ Los cursos estarán disponibles en el campus virtual de la FGC, las 24 horas del día y los 7 días de la semana, desde el día 1 hasta el día 27 de octubre 👍
✅ La matrícula es abierta y gratuita, se formalizará enviando a es... Ver más




4



Galicia

## Se activa la Escuela de Caza para la Formación y Seguridad del cazador

**Como cada año, la Federación Gallega de Caza activa su aula virtual de la Escuela de Caza para convocar los cursos de Formación de Caza, en colaboración con la Consellería de Medio Ambiente y Cambio Climático.**

CdC | 04/09/2024 | Formación

Los cursos están dirigidos a directivos de las sociedades de caza, responsables de cacerías, gestores cinegéticos, guardería, administrativos y, por supuesto, a cazadores en general que deseen adquirir conocimientos tan importantes en el campo de la formación de responsables de sociedades de caza, prevención y seguridad en la práctica cinegética, enfermedades de la fauna cinegética y la manipulación en el consumo de carne de caza y la gestión de los residuos no comestibles.

### Campus virtual

Los cursos estarán disponibles en el campus virtual de la FGC, las 24 horas del día y los 7 días de la semana, desde el día 1 hasta el día 27 de octubre. Durante este periodo los alumnos podrán conectarse a la formación desde calquer punto de Galicia y en las fechas y horarios que más se adapten a sus necesidades.

La matrícula es abierta y gratuita, se formalizará enviando al correo electrónico escola@federaciongalegadecaza.com el boletín de matrícula disponible en la web escoladecaza.gal y www.federaciongalegadecaza.com o en cualquiera de las sedes de la FGC. El plazo de matrícula finaliza el 15 de septiembre.



Federación Galega de Caza
Publicado por Antón Arrojo Reguera
· 13 de septiembre ·

Xa podes ver o programa dos Cursos de Formación e Seguridade da FGC 2024
Lembra que esta semana remata o prazo de inscrición (Data límite 15 de setembro)
Boletín de matrícula e toda a información en: https://www.federaciongalegadecaza.com/
... Ver más



9 · 1 vez compartido



## Se activa la Escuela de Caza para la Formación y Seguridad del cazador

POR 21 NOTICIAS PUBLICADO 13/09/2024



**Los Cursos de Formación se celebrarán del 1 a 27 de octubre y la fecha límite de inscripción finaliza el próximo 15 de septiembre.**

Como cada año, la Federación Gallega de Caza activa su aula virtual de la Escuela de Caza para convocar los cursos de Formación de Caza, en colaboración con la Consellería de Medio Ambiente y Cambio Climático.

Los cursos están dirigidos a directivos de las sociedades de caza, responsables de cacerías, gestores cinegéticos, guardería, administrativos y, por supuesto, a cazadores en general que deseen adquirir conocimientos tan importantes en el campo de la formación de responsables de sociedades de caza, prevención y seguridad en la práctica cinegética, enfermedades de la fauna cinegética y la manipulación en el consumo de carne de caza y la gestión de los residuos no comestibles.

Los cursos estarán disponibles en el campus virtual de la FGC, las 24 horas del día y los 7 días de la semana, desde el día 1 hasta el día 27 de octubre. Durante este periodo los alumnos podrán conectarse a la formación desde cualquier punto de Galicia y en las fechas y horarios que más se adapten a sus necesidades.

La matrícula es abierta y gratuita, se formalizará enviando a escola@federaciongalegadecaza.com el boletín de matrícula disponible en la web escoladecaza.gal y www.federaciongalegadecaza.com o en cualquiera de las sedes de la FGC. El plazo de matrícula finaliza el 15 de septiembre.

# CAZA y SAFARIS

CAZAWONKE • EL DIARIO DE CAZA DEL SIGLO XXI

FEDERACIONES NOTICIAS

## SE ACTIVA LA ESCUELA DE CAZA PARA LA FORMACIÓN Y SEGURIDAD DEL CAZADOR DE LA FGC



Se activa la Escuela de Caza para la Formación y Seguridad del Cazador de la FGC.

Los Cursos de Formación se celebrarán del 1 a 27 de octubre y la fecha límite de

Los cursos están dirigidos a directivos de las sociedades de caza, responsables de cacerías, gestores cinegéticos, guardería, administrativos y, por supuesto, a cazadores en general que deseen adquirir conocimientos tan importantes en el campo de la formación de responsables de sociedades de caza, prevención y seguridad en la práctica cinegética, enfermedades de la fauna cinegética y la manipulación en el consumo de carne de caza y la gestión de los residuos no comestibles.

**Cursos disponibles en el campus virtual de la FGC**

Los cursos estarán disponibles en el campus virtual de la FGC, las 24 horas del día y los 7 días de la semana, desde el día 1 hasta el día 27 de octubre.

**escola@federaciongalegadecaza.com** el boletín de matrícula disponible en la **web escoladecaza.gal** y **www.federaciongalegadecaza.com** o en cualquiera de las sedes de la FGC.

El plazo de matrícula finaliza el 15 de septiembre.

¡Apúntate!


OPINIONES



Todo es de color, por Ángel Luis Casado

21 octubre, 2024 / 0 comments

'Forcado', por M. J. Polvorilla

20 septiembre, 2024 / 0 comments

MUTUASPORT


# OSIL.info

Inicio / Última hora / O prazo de inscrición para os cursos de Formación e Seguridade do Cazador remata o 15 de setembro

Cultura Cultura Educación Última hora

## O prazo de inscrición para os cursos de Formación e Seguridade do Cazador remata o 15 de setembro

Están organizados pola Federación Galega de Caza e desenvolveranse na aula virtual da Escola de Caza do 1 ao 27 de outubro

10 de Setembro de 2024

Como cada ano, a Federación Galega de Caza activa a aula virtual da Escola de Caza para convocar os cursos de formación en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Os cursos están dirixidos a directivos das sociedades de caza, responsables de cazarías, xestores cinexéticos, gardería, administrativos e, por suposto, a cazadores en xeral que desexen adquirir coñecementos tan importantes no eido da formación de responsables de sociedades de caza, prevención e seguridade na práctica cinexética, enfermidades da fauna cinexética e a manipulación no consumo de carne de caza e a xestión dos residuos non comestibles.




Os cursos estarán dispoñibles no campus virtual da FGC, as 24 horas do día e os 7 días da semana, dende o día 1 ata o día 27 de outubro. Durante este período os alumnos poderán conectarse á formación dende calquer punto de Galicia e nas datas e horarios que máis se adapten ás súas necesidades.

A matrícula é aberta e gratuíta, formalizarase enviando por correo electrónico o boletín de matrícula dispoñible na web escoladecaza.gal e federaciongalegadecaza.com ou en calquera das sedes da FGC. O prazo de matrícula remata o 15 de setembro.

Compartir:

#A Rúa #caza #comarca #curso #formación #noticias #O Barco #provincia #Valdeorras





18 F ELECCIÓNS GALEGAS-2024

GRATIS GRATIS GRATIS

REQUISITOS: Estar inscrito na OFICINA DE EMPREGO ou traballador/a en activo. Prazas limitadas.

Últimas noticias | O máis visto

Trasladado un bombeiro tras sufrir unha indisposición durante a extinción dun incendio nunha vivenda en Monterrei

Obras de mellora en dúas estradas municipais de Manzaneda

Diego Vázquez (Pádel Club Valdeorras), clasificado co equipo P. Clínica Vázquez (pádel por tres) de Ponferrada para o Máster Final Sénior

Presentación do proxecto "Conecta Ourense Rural", na Casa Grande de Viloira (O Barco)

A mirada da fotógrafa Ofelia Cardo no Espazo de Arte de Roberto Verino, en Ourense


# Revista jaraysedal.es

Inicio Caza Pesca Naturaleza Videos de Caza Es noticia Blogs Mundo rural Suscribete

Revista Jara y Sedal » Es noticia » La Federación Gallega de Caza lanza unos cursos gratuitos de formación para cazadores

## La Federación Gallega de Caza lanza unos cursos gratuitos de formación para cazadores

Los cursos de formación se celebrarán del 1 a 27 de octubre y la fecha límite de inscripción finaliza el próximo 15 de septiembre.



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

INICIO CURSOS FORMACIÓN

## Máis de 200 alumnos cazadores participan nos Cursos de Formación 2024

08/10/2024

O pasado día 1 de outubro a Escola de Caza da FGC abría as portas a máis de 200 cazadores inscritos. Baixo a organización da Federación Galega de Caza e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático deu comenzo a edición 2024 para a Formación de Responsables de Sociedades de Caza, Prevención da Sinistralidade e Seguridade na Práctica Cinexética e Enfermidades da Fauna Cinexética, Saúde Alimentaria e Xestión dos Residuos.

É o curso sobre Enfermidades da Fauna Cinexética, Saúde Alimentaria e Xestión dos Residuos o que acolle o máior número de inscritos sendo esta a 2ª convocatoria.

Ata o día 27 deste mes os alumnos poderán acceder aos contidos de formación e xa, neses derradeiros días, celebrar a proba de avaliación, recibindo un Diploma acreditativo conforme superaron ditos coñecementos formativos.

# ACTIVIDADE II: CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN

Ante a nova tempada de caza a FGC emitía na **TVG,** os días 17, 18 e 19 de outubro, **un anuncio publicitario facendo un chamamento á prudencia para a práctica dunha caza segura.** O Spot difundíase tamén a través das redes federativas.




Ademais, mediante a "**Campaña de divulgación e fomento da actividade cinexética"** repartíase entre cazadores e sociedades de caza diverso material divulgativo, principalmente roupa de alta visibilidade e libros con recomendacións para a práctica da caza segura:

- 1.200 chalecos de visibilidade.
- 1.700 viseiras de visibilidade.
- 1.000 bolígrafos.
- 5.200 carterillas portadocumentos.
- Libros de seguridade na caza, dípticos do Decálogo do Cazador e de seguridade na organización de cazarías, etc.

**A distribución do material divulgativo realizouse por "*ventanilla*" nas cinco (5) sedes federativas, así como nas diferentes actividades organizadas pola FGC (feiras, xornadas, eventos deportivos, etc.).**




## ACTIVIDADE III: PROXECTO ARCEA

O Proxecto Arcea, que se poñía en marcha na tempada 2023/24 como unha experiencia piloto, tiña por obxecto a recollida de datos censais para avaliar o estado de conservación das poboacións desta especie en Galicia, coa finalidade de realizar unha xestión e aproveitamento cinexético sostible e responsable.

Participaron na campaña 57 censadores/as voluntarios/as vencellados/as a 60 Tecores de 78 concellos de Galicia que, durante a tempada, observaron un total de 915 arceas.

| Provincia | TECOR | Concello | Censadores | Arceas | Horas |
|---|---|---|---|---|---|
| A Coruña | 22 | 31 | 39 | 325 | 545.8 |
| Lugo | 21 | 21 | 29 | 351 | 497.8 |
| Ourense | 4 | 6 | 4 | 66 | 105.5 |
| Pontevedra | 13 | 20 | 19 | 173 | 393.3 |
| TOTAL | 60 | 78 | 91* (57) | 915 | 1542.4 |

**O número total de censadores é de 57, pero algunhas persoas realizan censos en máis de un TECOR situados en provincias diferentes, polo que esa persoa aparece como censador máis dunha vez ao figurar en máis dunha provincia.*

Únese como **Anexo 2 a esta memoria o "*Informe do estudo de abundancia da Arcea en Galicia (ano 2024)*"**, adiantado á CMACC **con data 28-5-2024.**

Federación Galega de Caza

ESCOLA DE CAZA

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

O 18 de outubro realizábase a ***presentación do informe Proxecto Arcea***, no Gran Hotel Los Abetos, en Santiago de Compostela.

Durante o acto de presentación, ademais de expoñerse os resultados da tempada 2023/24, presentábase a campaña 2024/25 e impartíanse varios relatorios sobre censado de especies cinexéticas, a cargo de expertos na materia.

No acto participaban a maioría dos censadores/as, así como representantes das diferentes sociedades de caza en cuxos Tecores se realizara a recollida de datos censais.




